


INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA, PROFESORADO E TITULACIÓNS POLA QUE SE ESTABLECE O RÉXIME DE CAMBIO DE CENTRO EN TITULACIÓNS CO MESMO PLAN DE ESTUDOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Logo da implantación dos graos en Educación Infantil, Educación Primaria, Administración e Dirección de Empresas, Dereito e Enfermaría, titulacións das que se imparte o mesmo plan de estudos en varios centros da Universidade de Vigo, cómpre establecer un procedemento para o alumnado que desexe cambiar de centro para continuar os seus estudos polo mesmo plan.

Nas memorias dos plans de estudos destas titulacións, verificadas pola ANECA, non se ten en conta a posibilidade de que o estudantado desexe cambiar de centro para continuar os mesmos estudos, agás no que se refire ás materias optativas, mencións, itinerarios, orientacións ou especialidades, onde di que se poden cambiar de centro para cursar as materias que sexan distintas das ofertadas na súa facultade ou escola.

Por todo isto, resólvese ditar a seguinte instrución:



1. O alumnado pode solicitar o cambio de centro para continuar o mesmo plan de estudos no prazo previsto para traslados en titulacións de grao, segundo se reflicte na convocatoria de matrícula do ano académico correspondente, e independentemente do número de créditos superados.
2. O alumnado deberá ter un só expediente académico, con independencia das veces que se cambie de centro cursando o mesmo plan de estudos, sen necesidade de terlle que establecer recoñecementos, xa que as materias son as mesmas, cambiando só o código do centro en que estea matriculado, coa excepción das materias que definen as mencións, especialidades, etc.
3. Deberá ofertarse un mínimo dun 2% das prazas de novo ingreso. Os centros adxudicarán este cambios aplicando o procedemento para a admisión que teñan establecido.
4. A Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, solicitará dos centros, ademáis das prazas de traslados xerais, as prazas para cambio de centro nestas titulacións.

5. Unha vez que o alumno acredite a admisión no novo centro, o centro de orixe deberá remitir unha certificación académica oficial ao novo centro logo de entregar o alumno a carta de admisión. O centro que o admite deberá poñer en estado "activo" o expediente do alumno, e o centro que remite a certificación deberá facer constar no expediente o estado "cambio de centro".
6. Se o alumnado se trasladara a outra titulación e/ou universidade, o último centro no que estivo matriculado debería comunicarlle este traslado ao centro de orixe para que teña constancia deste traslado definitivo.

Vigo, 23 de marzo de 2011

A Vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións



Margarita Estévez Toranzo

VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE
SECRETARIA XERAL
DIRECTORA DE ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
DECANOS E DECANAS E DIRECTORES E DIRECTORAS DE TODOS OS CENTROS DA UNIVERSIDADE
XEFA DE SERVIZO DE ALUMNADO
XEFE DE SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
ADMINISTRADORES E ADMINISTRADORAS DE CENTROS
XEFA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANES DE ESTUDO
XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS
XEFE DE SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
XEFES E XEFAS DE ÁREA ACADÉMICA OU DE ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE
RESPONSABLES DOS REXISTROS XERAL E AUXILIARES DA UNIVERSIDADE
XEFES E XEFAS DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
XEFA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL